



# **Informe PAT**

## **CURSO 2016-2017**

## PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

### Índice

1. INTRODUCCIÓN
2. ACTIVIDADES DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: 4 BLOQUES
  - 2.1. Actuacións de organización
  - 2.2 Actuacións de acollida
  - 2.3 Actuacións de apoio e seguimento
    - Acción co profesorado e o alumnado titor
  - 2.4 Actuacións de carácter formativo extracurricular:
    - Seminarios, obradoiros, charlas.
    - Ciclos de conferencias e cursos.
4. RESULTADOS DO PAT 2016-2017
5. MELLORAS PROPOSTAS PARA O PAT 2017-2018

## 1. INTRODUCCIÓN

Neste documento recóllense as diferentes actividades levadas a cabo durante o curso académico 2016-17 no Plan de Acción Titorial (PAT) do Grao en Enfermería na Escola de Pontevedra, avalíanse as accións realizadas correspondentes aos 4 bloques nas que están clasificadas, avaliando o nivel de consecución dos obxectivos propostos e as dificultades atopadas para acadalos; preséntase a valoración global das accións realizadas nos catro cursos, e as propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso 2017-2018.

No título de Grao en Enfermería o número de prazas de acceso é limitado o que pode ser causa da baixa participación xa que é frecuente que os pequenos problemas cotiás ou as dúbidas que poida ter o alumnado sempre se solucionan directamente co/as coordinadores/as ou co profesorado titor, polo que non sempre se espera á convocatoria dunha reunión. Como nos derradeiros cursos académicos a asistencia por parte do alumnado non foi a desexada, neste curso académico contouse coa participación do estudiantado colaborador que previa preparación e información das accións a realizar no PAT acompañaron ao profesorado titor no súa labor de tutoría.

Neste curso académico 2016/2017 o PAT está implantado nos 4 cursos de grao mantendo o seu carácter de voluntariedade en canto a participación do alumnado e do profesorado que actúan como tutores do PAT.

Seguiuise o deseño feito no PAT e aprobado pola Xunta de Centro para este curso o 11 de xullo de 2016 e leváronse a cabo diferentes accións programadas nas que se abordaron contidos diferentes dependendo do curso.

De xeito xeral pódense definir os contidos de ditas actividades como de tipo informativo, orientador e formativo, aportando información de interese para o alumnado, facendo un seguimento da planificación da súa actividade académica e recibindo información acerca das inquiredanzas, problemas e/ou queixas que o alumnado desexaron formular sobre o discorrer das actividades ao longo do curso.

A actividade tutorial desenvolvida centrouse na realización de reunións a nivel de grupo e algunha de xeito individual nas que participaron un número de estudantes do curso co profesorado titor e alumnado colaborador, tamén fixéronse algunha reunión individual para titorizar algunha situación plantexada.

O PAT do grao en Enfermería inclúe a continuidade da acción titorial de cada persoa titora cun grupo definido de alumnado ao longo dos diferentes cursos da titulación, o que favorece a interacción entre alumnado-titor/a e a función de apoio, orientación e guía para o estudiantado, facilitando unha maior participación e compromiso co proceso de aprendizaxe. Así mesmo, a persoa titora mantén aberta a posibilidade de encontros individuais con seus titorizados, sempre que o soliciten.

A coordinadora do PAT realizou unha función de seguimento do mesmo recollendo informes das reunións, resolvendo dúbidas e promovendo accións de mellora, en base a información presentada en ditas accións.

## **2. ACTIVIDADES DO PAT REALIZADAS.**

---

En catro bloques de accións

As actuacións planificadas no PAT nos catro cursos do grao trataron de responder as diferentes necesidades do alumnado da titulación, no curso 2016-17. As actividades levadas a cabo o longo do curso corresponden ás actuacións clasificadas no Manual do PAT para este curso, e foron:

### **2.1 Accións da Organización.**

---

Sesións informativas realizadas para presentarlle ao profesorado titor e coordinadores de curso os contidos e o desenvolvemento das actividades previstas no PAT. Este tipo de accións leváronse a cabo coa coordinación do PAT onde se reúne ao principio de curso co profesorado titor aportándolles a información necesaria. Esta actividade formativa serve para promover accións de resolución de ditos problemas. O final do curso a coordinación do PAT realiza a avaliación global dos informes recollidos durante todo o período académico e dos resultados das enquisas de avaliación do PAT, o que permite analizar o funcionamento do plan actual e establecer melloras de cara o seguinte curso.

### **2.2 Accións de Acolida.**

---

O equipo de dirección e a coordinación do PAT son os encargados, o principio de curso, da realización de reunións con todo o alumnado, nas que se lle facilita información sobre distintos aspectos do ámbito universitario (servizos administrativos e de apoio, actividade deportiva campus, actividade cultural, ciclos de cine promovidos

polo campus Pontevedra, etc.), información do centro (aulas, talleres de simulación, sala de informática, biblioteca, secretaría de alumnado, dirección, normativas do centro, etc.), así como da titulación (plan de estudos, guías docentes, horarios, participación do alumnado na xestión del centro, etc.). Así mesmo ofrecéuselles información concreta sobre os aspectos organizativos do PAT.

Como en anos anteriores, o alumnado que non se matricula nos primeiros prazos ten dificultades para incorporarse os grupos de traballo, de xeito especial nos grupos máis pequenos, e para á realización dos traballos, polo que o profesorado do primeiro semestre do primeiro curso, tendo en conta esta situación, ofertóuselle as/os estudantes apoio nas titorías individuais para que lograsen a súa integración no aula no menor de tempo posible.

Concretamente, para a aprendizaxe da materia de estatística, o profesorado que a imparte, fai grupos segundo o nivel de coñecemento de cada persoa, de xeito que se poidan organizar grupos de apoio cos/cas estudantes que o precisen e así lograr non interromper o desenvolvemento normal das clases da materia.

### **2.3 Accións co profesorado e co alumnado titor**

Trátase de reunións que leva a cabo o profesorado-titor co grupo de alumnado que titoriza o ben de forma individual ou grupal sempre que o alumnado e o profesorado así o acorden. Distribúense ao longo do curso abordando as dificultades que van xurdindo, solicitarase o apoio á titorización ao alumnado de cursos superiores e ao alumnado de primeiro curso tras unha charla formativa para que vaian incorporando como colaboradores do profesorado titor.

#### **Accións de Apoio a Formación.**

**Actividade académica.** As actividades de apoio a formación constitúen unha das accións centrais do PAT. Ao final de cada reunión os tutores aportan informes que recollen os aspectos principais tratados co alumnado e os problemas que eles expoñen. Esta información vai a ser revisada por coordinación do PAT a fin de facer un seguimento continuo de cada curso e promover accións de mellora. Parte do alumnado, fora das reunións planificadas, pode solicitar axuda vía correo electrónico e acudir ao profesorado titor cando sexa necesario, o cal indica a utilidade do PAT.

### Acciones de Orientación Profesional.

Esta actividade ten como destinatarios principais o alumnado de terceiro e cuarto de curso de grao. Co fin de asesoralos ante as novas situacións as que deben afrontarse unha vez finalizado o curso, organizáronse distintos obradoiros en colaboración co Sergas entidade maioritariamente empregadora sobre orientación laboral, estratexias de busca de emprego, competencias, saídas laborais, facilitándolles información específica sobre como facer para incorporarse á lista de traballo do Sergas, así como unha xornada de presentación da oferta formativa de mestrados da área de ciencias da saúde, preparación e formación EIR, etc.

### Atención á diversidade.

Neste senso, no curso 2016-17 detectáronse necesidades específicas de apoio educativo para algunha alumna e alumno do centro, que foron resoltas en titorías individuais en colaboración co profesorado titor para situacións especiais a través das accións do PAT.

### CURSO 2016-2017

CRONOLOXÍA DAS ACTUACIÓNS:		REALIZADA DATA
Na primeira semana, no día e hora anunciada na Web.	Acto de benvinda	5 de setembro de 2016
A continuación do acto anterior nunha sesión específica anunciada na Web.	Acto de presentación do PAT para todo o alumnado	6 de setembro de 2016
1ª Quincena de setembro	Información sobre o PAT ao profesorado por parte da Dirección e promover a súa participación	12 de setembro de 2016
1ª Quincena de setembro	Acto presentación do curso a 2º, 3º	15 de setembro de 2016
2ª Quincena de setembro	Reunión co alumnado de 1º para informar e promover a súa participación no PAT	20 de setembro de 2016
2ª Quincena de setembro	Acto de presentación do curso e o TFG a 4º	27 de setembro de 2016

1ª Quincena de outubro	Reunión co alumnado de 2º curso para informar e promover a súa participación no PAT como alumnado ou como alumnado colaborador	6 de outubro de 2016
1ª Quincena de outubro	Reunión co alumnado de 3º curso: curso para informar e promover a súa participación no PAT promover a súa participación no PAT como alumnado colaborador.  Informar sobre os <b>programas de mobilidade</b>	21 de outubro de 2016
2ª quincena de outubro	Acto de benvida e presentación do PAT ao alumnado incorporado co curso xa iniciado.	27 de outubro de 2016
1ª quincena de outubro	Reunión formativa ao alumnado de 2º, 3º e 4º que participa como alumnado colaborador do PAT	6 de outubro de 2016
2ª quincena de outubro	Reunión co profesorado titor para asignar o novo alumnado que participará no PAT	14 de outubro de 2016
2ª quincena de outubro	Presentación da relación de alumnado e titores/as asignados/as	25 de outubro de 2016
1ª Q de novembro	Reunión de presentación e avaliación inicial dos profesores titores co alumnado titorizado.	10,16,21,23,28 de novembro de 2016
2º Q de novembro: 4º curso	Curso/Xornada: ECOGRAFÍA para Enfermería	14 e 15 de novembro de 2016
2ª Q de decembro	Elección de alumnado no sistema de representación e nos órganos de goberno do centro	13 decembro de 2016
Na segunda Q febreiro	Seminario: Enfermería nas ONGs: (2º curso)	27 de marzo de 2017
Na segunda Q de marzo	Seminario: Transplantes: (3º curso)	Non se realizou

Na segunda Q de marzo	Reunión de seguimento dos profesores titores co alumnado titorizado	27 de marzo de 2017
Na primeira Q de abril	Charla- coloquio dirixida a todo o alumnado sobre o Parlamento de Galicia impartida por ex-deputados/a.	5 de abril de 2017
2º Q. De abril	Reunión <b>formativa</b> ao alumando colaborador de 1º curso de PAT	18 de abril de 2017
1ª Q de maio	Xornada sobre a <b>violencia de xénero</b> , desde a perspectiva de enfermaría.	3 de maio de 2017
Na 2ª Q de maio: 3º curso	<b>Orientación profesional:</b> Saídas académicas e profesionais a 3º curso	4 de maio de 2017
Na 2ª Q de maio: 4º curso	<b>Orientación profesional</b> Saídas laborais a 4º curso	4 de maio de 2017
Ao longo do curso	Recollida de información das actuacións	Si se realizou
Ao longo do curso	Outras accións que xurdan da avaliación continua	Si se realizou
Ao longo do curso	Accións de Atención á Diversidade.	Realizáronse nas datas de 14 e 28 outubro, 10 novembro 13 e 15 de decembro.
1ª quincena de xuño	Avaliación final	30 de xuño de 2017



### 3.1. Resultados PAT. Curso 2016-17

---

Actividades de tutoría desenvolvidas en 1º curso de grao de enfermaría.

Ao longo do curso académico de 2016-17, leváronse a cabo as seguintes actividades do PAT:

#### Actividades de coordinación e acollida.

---

Ademais do acto de benvida realizado polo equipo de dirección, fixéronse tres reunións de presentación e explicación do PAT e invitación a súa participación, reunión co alumnado colaborador de PAT e a coordinación do PAT. A través de ditas reunións presentase alumnado voluntario para formar parte do PAT e desenvolver accións de colaboración.

Unha vez comezado o curso faise un acto de benvida e presentando o PAT para aquel alumnado que se incorpora máis tarde co curso xa iniciado.

#### Actividade do profesorado titor.

---

Leváronse a cabo 2 reunións do profesorado titor co alumnado titorizado do PAT.

A participación do alumnado foi dun **43%** no alumnado de 1º e 4º curso e dun **56%** do alumnado de 2º e 3º curso de grao de enfermaría.



**Actividades de organización**

Responsable	Actividades	Contido	Data
Coordinadora e prof. titor PAT	Presentación do PAT	Designación de prof. titor. Presentación do PAT. Calendario de actividades. Asignación alumnado e titor/a.	Setembro/ outubro de 2016
Coordinación e titores do PAT	Seguimento continuo do PAT	Recollida de evidencias. Asesoramento e apoio Seguimento das actividades do PAT. Resolver dificultades	Todo o curso
Coordinación e titores do PAT	Analise e avaliación final do PAT	Cuestionarios de satisfacción do alumnado. Cuestionarios de satisfacción do profesorado titor Análise de dificultades. Elaboración da memoria final.	Final de curso

Responsable	Actividades	Contido	Data
Director e Subdirectora	Acto de Benvida.	A universidade e os servizos administrativos  O Centro: aulas, laboratorios, sala informática, biblioteca, secretaría, dirección.  A titulación: plan de estudos, participación do estudiantado, PAT, enquisas, prácticas externas, etc.	5 de setembro
Responsable do PAT	Sesión informativa de acollida	Información sobre servizo o alumnado, deportes, bolsas, etc.), programas de mobilidade.  Organización do curso: semestres, materias, etc. horarios, guías docentes,  Enquisas de avaliación.	5 setembro
Coordinación de PAT e prof, titor de curso	Sesión de seguimento	Seguimento da actividade titorial  Intercambio de ideas sobre aspectos do PAT	15 Marzo
Coordinadora de PAT e prof titor	Avaliación do PAT	Intercambio de ideas e análise dos resultados.  Análise das enquisas de satisfacción.	Maio

**Listado de profesorado titor de 1º e 4º curso de grao de enfermaría de Pontevedra**

- Felipe Fernández Méndez
- Inés Blanco Nieves
- Rosa Fernández Soengas
- José Luis Buceta Hazas

### Estatísticas de participación PAT 2016-17

- Nº de alumnado titorizado: 43
- Nº de reunión grupais cos titores responsables: 2
- Nº de titores: 4
- Nº de sesión titoriais: 11
- Participación do alumnado en acción do PAT un 43%

### Listado de profesorado titor de 2º e 3º curso de grao de enfermaría de Pontevedra

- Angeles Cons Estevez
- María Teresa Hermo Gonzalo
- Dora Romero Insua
- Dolores Rodríguez García

### Estatísticas de participación do PAT de 2º e 3º curso de grao de enfermaría

- Nº de alumnado titorizado: 56
- Nº de reunións co profesorado titor responsable: 2
- Nº de titores: 4
- Nº de sesións titoriais (reunión titor/alumnado): 13
- Participación do alumnado en accións de PAT un 56%

### Breve informe das reunións titoriais do profesorado de PAT

A modo de resumen xeral se especifican os contidos tratados nas diferentes reunións dos cursos do PAT no alumnado de enfermaría que a través da avaliación o profesorado titor chegou para o informe da avaliación final do PAT.

#### Os aspectos abordados foron os seguintes:

Facíltaselles información sobre o PAT e dos recursos de recollida de información do apartado anexos dos que consta o PAT.

Aportase información sobre as páxinas web de actividades culturais así como información do DUVI do Campus de Pontevedra.

Información sobre o programa de voluntariado existente no Campus de Pontevedra e Uvigo.

Abordase a información dos Muvers go, así como as diferentes actividades deportivas existentes no curso 2016-17 no Campus de Pontevedra. Informan neste senso que dúas persoas integrantes do grupo forman parte do equipo de voleibol do campus de Pontevedra.

Solicitan información do programa de mobilidade. Se lle indica que dentro das acción planificadas neste curso no PAT, está a acción formativa de mobilidade.

Titorízase sobre problemas de ansiedade que xeran dificultades no rendemento académico prestando apoio e seguimento ao longo do curso.

Solicitan información sobre o EIR e as súas especialidades. Se lles indica que a través do PAT está prevista un seminario sobre orientación e información académica e saídas profesionais.

Contestáronse a preguntas sobre validacións de materias así como as distintas materias compartidas da Universidade.

Se lles informa da mellora da adquisición de equipos informáticos dando resposta a una necesidade plantexada anteriormente.

Se informa das actividades programadas no PAT do curso 2016-17 tanto de cursos, seminarios, xornadas, así como a necesidade de que participen proponendo novas actividades.

Analízase de como facer unha mellor xestión do tempo así como aprender a organizarse e planificar as diferentes actividades para un mellor uso e eficacia do tempo.

Se lles da resposta a una solicitude do uso do Faitic.

O alumnado de cursos superiores serve para orientar e asesorar o alumnado dos primeiros cursos de como afrontar a falta de tempo pola carga lectiva e de prácticas.

Se informa da existencia da Unidade de Igualdade na Uvigo e dunha coordinadora no centro, así como a existencia de recursos de xénero, actividades propias e investigación en xénero

A maior parte do alumnado que forma parte do PAT indican que están contentas coa carreira de enfermaría que elixiron.

## **5. MELLORAS PROPOSTAS PARA O PAT 2017-2018**

---

Continuar divulgando a información sobre o PAT e promovendo unha maior participación no alumnado así como a incorporación de novo alumnado como dinamizador-colaborador do PAT e sobre todo de alumnado de cursos superiores.

Que se leven a cabo as accións previstas no cronograma do PAT tal como se recollen así como engadir novas propostas que indiquen o alumnado.

Conseguir unha mellor resultado nos diferentes apartados das enquisas de satisfacción do alumnado sobre o PAT.

Deseñar un modelo que describa aqueles aspectos máis relevantes que son tratados nas diferentes reunións que se fagan do PAT como guía orientativa para o profesorado titor.

## Anexo II

Esta ficha pode ser empregada polos/as titores/as que o consideren preciso, como mecanismo para dispoñer dunha información ampla do alumnado que titoriza.

En todo caso, cubrir a ficha é unha acción voluntaria por parte do alumnado que deberá asinar o seu consentimento para empregar a información aportada na mesma de forma exclusiva polo/a titor/a e unicamente no ámbito da titoría. Non poderá polo tanto facerse pública mediante ningunha canle.

A confidencialidade dos datos garantírase sempre de acordo ao establecido na Lei de Protección de datos Lei 15/1999 do 13 de decembro.

Unha vez finalizada a relación titor-alumnado, as fichas deberán ser destruídas de modo seguro e confidencial (exemplo destrutora de papel).

<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: FICHA INICIAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES</b> <b>(O alumnado débea cubrir voluntariamente)</b>			
Centro		Ano académico	20__/__
<b>DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A</b>			
Apelidos e nome			
DNI			Fotografía
Curso e titulación			
Teléfono/enderezo electrónico			
Lugar de nacemento			
Data de nacemento			

Enfermidade ou algún tipo de discapacidade	
Domicilio	
Motivación para elixir a titulación	
Actividades do seu interese	
<b>CONTEXTO DE ESTUDO E TRABALLO</b>	
Tipo de residencia (familiar, piso de estudante, residencia, piso propio etc.)	
Forma de sufragar os gastos (axuda familiar, bolsa, traballo etc.)	
Posibilidades de asistencia á clase	
Tempo potencial para o estudo diario	
Considera importante acudir ás titorías das materias? Emprégaas Forma de tratar o estudo diario (organización en grupo ou individual, como resolve dúbidas?	
<b>TRAXECTORIA ACADÉMICA</b>	
Estudos realizados para acceder a esta titulación	
Outros estudos ou formación complementaria	



Gustaríalle ampliar a súa formación? En que temas está ten interese?

(.....Nome e Apelidos do alumno/a), autorizo a meu titor/a a empregar esta información de forma exclusiva no ámbito da titoría e a fin de cumprir estritamente cos obxectivos descritos no Plan de acción titorial.

Sinatura do/a Alumno/a

### Anexo III

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: FICHA DE SEGUIMIENTO DE TITORÍAS		
Centro		Ano académico: 20___/20___
Curso e titulación		
Data e hora		
Tipo de titoría	En grupo <input type="checkbox"/>	Individual <input type="checkbox"/>
	Grupo: _____	
Apelidos e nome(s) do(s) estudante(s)		
Tipo de reunión	Inicial <input type="checkbox"/>	De seguimento <input type="checkbox"/> Outra <input type="checkbox"/>
Motivo da reunión		

Temas formulados	
Desenvolvemento (Observacións)	
Acordos e compromisos	

## Anexo IV-A

### PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL:

### CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO

1. Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

Insuficiente	
Suficiente	

2. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Moi mala	
Mala	
Boa	
Moi boa	

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	

4. Valore o grao de utilidade do PAT:

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	

5. Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	
Non	

6 Considera axeitado o sistema de seguimento?

Si	
Non	

7 Que eliminaría do PAT?

8 Que engadiría?

Grazas pola súa colaboración